

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 E A FUNDACIÓN HOSPITALARIA DE LA ORDEN DE MALTA EN ESPAÑA PARA A POSTA EN MARCHA DUN DISPOSITIVO DE ASISTENCIA SANITARIA A PEREGRINOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 formalizou o 18.03.2022 coa Fundación Hospitalaria de la Orden de Malta en España (FHOME) o acordo arriba referido por un período de catro anos desde o día da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais.

O instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións necesarias para a posta en marcha dun dispositivo para a prestación dunha primeira asistencia sanitaria básica aos peregrinos que realicen o Camiño de Santiago, unha vez cheguen estes a Compostela. O 061 será o encargado de dotar o posto de socorro que se instale da infraestrutura necesaria para garantir o seu correcto e axeitado funcionamento, mentres que a FHOME cederá de formar temporal ao 061 as súas instalacións para colocar o citado posto de socorro, previa obtención dos permisos necesarios para elo do Cabildo da Catedral.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

O instrumento convencional fundamentase en que:

1 A FPUS DE GALICIA-061 é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, que ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se detallan no artigo 6 dos seus estatutos, entre os cales se atopan a organización de dispositivos sanitarios preventivos e asistenciais ante eventos de concorrencia pública e a colaboración coas administracións, corporacións, entidades ou particulares en asuntos da súa competencia, cando estes sexan de interese para a

consecución dos obxectivos da fundación. A FPUS DE GALICIA-061 é ademais un referente como entidade de formación en urxencias e emerxencias, que, ao longo da súa traxectoria ten xestionado a posta en marcha e o funcionamento de postos de asistencia sanitaria ao longo do Camiño de Santiago, na catedral e na súa contorna.

2 Pola súa banda, a FHOME é unha Fundación que ten por obxecto atender todas as obras asistenciais da Asamblea Española da Soberana Orden Militar y Hospitalaria de San Juan de Jerusalén, de Rodas y de Malta, orde que é un ente orixinario de Dereito internacional, rexida pola Carta Constitucional promulgada o 27.06.1961, e polo Código, ambos reformados en 1997, e cuxa orixe remontase á Idade Media. A súa misión é *"alimentar, presenciar y proteger la fe, y servir a los pobres y los enfermos"*, o que se concreta a través do traballo voluntario de Damas e Cabaleiros en estruturas asistenciais, sanitarias e sociais.

Tradicionalmente a FHOME leva a cabo durante os Anos Santos Xacobeos actividades de asistencia á freguesía nun posto de socorro que a Asamblea española instala no claustro da Catedral de Santiago de Compostela.

Dado que nos últimos anos a afluencia de peregrinos a Santiago de Compostela ten experimentado un incremento continuo, as partes asinantes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, e así artellar vías de colaboración necesarias para a posta en marcha dun dispositivo que facilite unha primeira asistencia sanitaria, de carácter básico, aos peregrinos que realicen o Camiño de Santiago, contribuíndo así, na medidas das súas posibilidades e dentro do marco de actuación que lles é propio.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

